



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas e Luis Bará Torres**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a necesidade de incoar de maneira urxente o procedemento para a inclusión no BIC Torres de Meirás dos bens mobles que pola súa vinculación co inmóvel forman parte inseparable del.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 5 de maio de 2021 a Comisión 1ª Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior aprobou por unanimidade a seguinte proposta de resolución, impulsada polo BNG e transaccionada coa emenda do PP:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1.- Demandar da administración xeral do Estado que se interpoñan as accións xudiciais pertinentes para defender a titularidade pública dos bens mobles que deben formar parte do BIC, que son necesarios para explicar a súa historia, que son parte integrante e inseparable do conxunto, e que son de titularidade ou de dominio público.

2.- Actuar como parte coadxuvante nos procedementos xudiciais que se interpoñan pola administración xeral do Estado.

3.- Traballar conxuntamente coa administración xeral do Estado na adopción de todas as medidas previstas na lexislación, incluíndo medidas cautelares e urxentes, para garantir a unidade e integridade dos bens mobles que forman parte do BIC Torres de Meirás e para impedir un novo saqueo de bens que foron resultado do espolio





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreiro, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

franquista. E, neste sentido, advertir á familia Franco da imposibilidade de sacar de Meirás todos aqueles bens que non sexan os obxectos e utensilios de uso estritamente persoal e privado.

4.- Defender a incoación de maneira urxente do procedemento para a inclusión no BIC Torres de Meirás dos bens móbiles que pola súa vinculación co inmóvel forman parte inseparable del, e aplicación provisional a estes bens móbiles do réxime de protección previsto para os bens de interese cultural.

5.- Levar a cabo as accións pertinentes para que os bens cunha declaración específica de BIC, as Estatuas do Mestre Mateo e a Biblioteca de Emilia Pardo, se manteñan en Galicia, en resposta ao sentir xeneralizado da sociedade galega”.

Unha resolución necesaria para complementar a declaración BIC do Pazo de Meirás en 2008 que só abrangúa os bens móbiles, incluíndo todos os elementos que son imprescindíbeis para contar a historia do lugar.

Está clara a necesidade da declaración BIC, mais Xunta e Goberno Central non se poñen dacordo de quen ten que facela.

A Xunta pode e debe facelo. Xa o fixo no caso da biblioteca de Pardo Bazán, unha parte na que se integran unha gran cantidade de fondos bibliográficos situados en Meirás. Mais en abril de 2023 aínda non se iniciou o proceso para a declaración BIC dos bens móbiles que forman parte da historia do Pazo de Meirás, contravindo o acordo parlamentar unánime do 5 de maio de 2021.

No grupo parlamentario do BNG facemos nosa a preocupación da cidadanía perante este abandono do patrimonio público galego e sumámonos ás recentes demandas de actuación urxente da AC Irmáns Suárez Picallo e a CRMH da Coruña a raíz da nova de o Xulgado de Primeira Instancia nº 1 da Coruña ter resolto recentemente





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

autorizar a familia Franco á retirada de determinados bens móveis do Pazo de Meirás, como resultado da actual situación xurídica que sobre os bens móveis e o propio inmóvel se seguen en diferentes ámbitos xudiciais.

De non actuar de urxencia, a familia Franco poderá sacar moitos bens de Meirás. En concreto 697 elementos - case 400 bens – inventariados no seu día pola Xunta de Galiza e que non foron reclamados polo Estado.

Algúns destes bens están ligados a algunha das dúas etapas de interese histórico no Pazo de Meirás (ou ben forman parte da etapa de Pardo Bazán e xa estaban no conxunto antes da chegada de Franco a Meirás, ou ben foron incorporados durante a ditadura) e teñen un enorme interese. En concreto, e a xeito de exemplos, pezas que adornan o salón da planta baixa da torre de levante e o contíguo a estes (conxuntos isabelinos, altar portátil de madeira, bargueños, consolas de parede ou pezas de porcelana).

Por todo isto formulase a seguinte interpelación:

- Cal é a valoración da Xunta do retraso na declaración BIC de bens como por exemplo os que forman parte do Pazo de Meirás?
- Que actuacións desenvolveu a Xunta para defender a titularidade pública dos bens móveis que forman parte da historia do BIC Torres de Meirás, que son parte integrante e inseparábel do conxunto e que son imprescindíbeis para explicar o sitio histórico?
- Por que incumpriu a Xunta o acordo unánime da C1<sup>a</sup> Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior do 5 de maio de 2021 a respecto da demanda de incoación da declaración BIC dos bens móveis do Pazo de Meirás?





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Entende o goberno que está a garantir a protección destes bens móbiles?
- Comparte o goberno galego os criterios defendidos polo concello de Sada en relación coa reclamación da titularidade pública dos bens móbiles que forman parte da historia do BIC Torres de Meirás?
- Cando ten previsto a Xunta incoar o procedemento de declaración BIC dos bens móbiles que pola súa vinculación co inmóvel forman parte inseparábel del, e aplicar provisionalmente a estes bens o réxime de protección previstos para os Bens de Interese Cultural?

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2023

**Asdo.: Mercedes Queixas Zas**

**Luis Bará Torres**

Deputada e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 25/04/2023 16:35:16**

**Mercedes Queixas Zas na data 25/04/2023 16:35:20**

